

1. Completa co tempo verbal máis axeitado e pon til onde sexa necesario:

VIAXES

- Hai dous anos, o meu mozo e eu (IR) de vacacions a Nova York. (CHEGAR, nós) co tempo xusto ao aeroporto e xa empezaran a embarcar. Como (HABER) *overbooking*, a compañía (DECIDIR) cambiar de sitio a algúns pasaxeiros. Ao final (FACER, nós) a viaxe en primeira clase e non en turista. (SER) a viaxe mais cómoda da miña vida.
- Como viaxe de fin de curso (QUERER, nós) facer unha ruta por Marrocos, así que (CONTRATAR, nós) unha viaxe coa axencia *Africa Tours*. (TRATARSE), en teoría, dunha viaxe organizada especificamente para nos cun guía. Unha vez ali, (ENCONTRARSE, nós) un autobús vello e incomodo e con corenta persoas mais. O guía non (FALAR) moi ben o noso idioma e por riba, o último día (POÑERSE, el) enfermo e (TER, nós) que facer o resto da viaxe sós. (SER) horrible.
- Agora escribe ti un breve texto no que fales dalgunha viaxe que fixeras. Logo compárteo cos teus compañeiros. Quen tivo a mellor historia?

2. Identifica e explica o valor do pospretérito en cada caso:

1. Gustaríalle contratar o noso servizo de telefonía móbil?
2. Ás veces volve tan cansa do traballo que durmiría durante anos e anos.
3. Se hoxe fose domingo, non tería que traballar.
4. Sofía non colleu o teléfono en toda a mañá, estaría moi ocupada.
5. Se gañase a lotería, iría a Cuba de vacacións.
6. Non o vexo na lista. Sería tan amable de indicarme o seu apelido?
7. Deberías deixar o teu piso e mercar unha casa.
8. É moi astuto. Se fose un animal, sería un raposo.
9. Se quixeras, podería axudarche co teu problema.
10. Chamaron á porta. Sería o carteiro.

- **Fíxate nas seguintes frases. Que conclusión podemos extraer?**

- a) Chamaron á porta. Sería o carteiro.
- b) Chaman á porta. Será o carteiro.
- c) Non colleu o teléfono. Estaría moi ocupada.
- d) Non colle o teléfono. Estará moi ocupada.